

Docencia da Formación Profesional para o Emprego

Descrición das probas de avaliación e condicións de realización

As probas de avaliación nesta cualificación profesional combinarán probas escritas de competencia profesional baseadas en situacións profesionais de avaliación, valoración de evidencias documentais (materiais e recursos didácticos) presentadas previamente polos candidatos, simulación de impartición docente e entrevista profesional.

1.- As **probas escritas** de competencia profesional terán lugar o sábado **5 de outubro** na EGAP: Escola Galega de Administración Pública, na Rúa Madrid, 2-4 (Fontiñas), Santiago de Compostela, en horario de 9:00 a 20:00.

- **Presentación ás probas:** os candidatos deberán persoarse, identificándose co seu DNI ou NIE, no correspondente centro de avaliación, **con media hora de antelación** en relación á hora que teñen programada a avaliación no calendario, e achegar o xustificante do pago das [taxas de avaliación](#) ou da exención das mesmas.
- **Consentimento informado:** os candidatos deben traer lido e firmado o seguinte [consentimento informado](#), sobre as condicións de realización da proba de avaliación.

2.- O **resto das probas** terán lugar nos centros e calendarios indicados **entre o 19 de outubro e o 5 de novembro**: Os candidatos deberán persoarse, identificándose co seu DNI ou NIE, á hora que teñen programada a avaliación no calendario que se anexa (non é necesario presentarse con antelación), no centro de avaliación que se lles asigne:

- **Avaliacións A Coruña:** Oficina de Emprego de Coruña – Tornos, Avda. de Finisterre, 227-229, 1º A, A Coruña
- **Avaliacións Santiago:** Edificio Administrativo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Rúa San Lázaro s/n, Santiago de Compostela
- **Avaliacións Valverde - Ourense:** Centro de Formación Profesional Valverde (Xunta de Galicia) Lugar Valverde, nº 9, Allariz, Ourense
- **Avaliacións Vigo - Pontevedra:** Centro Integrado de Formación Profesional de Coia – Vigo, Rúa Baiona, 28 (Polígono Coia), Vigo.